

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 12

SESION CONSTITUTIVA DA EXCMA. CORPORACIÓN MUNICIPAL

No auditorio municipal da Casa do Concello da cidade de Vigo, sendo as doce horas do día once de xuño do ano dous mil once, previa convocatoria ó efecto realizada polo Sr. Alcalde saínte, D. Abel Caballero Álvarez, reúnense os concelleiros proclamados electos pola Xunta Electoral de Zona ós efectos de realizar a sesión constitutiva da nova Corporación Municipal resultante das eleccións municipais feitas o pasado día 22 de maio.

Comeza ó acto actuando de secretaria o Secretaria Xeral do Pleno, D^a M^a Concepción Campos Acuña.

SECRETARIA XERAL DO PLENO: Bo día a todos e a todas. Benvidos a sesión constitutiva da Corporación do Concello da cidade de Vigo xurdida tras as eleccións municipais do pasado 22 de maio. O obxecto desta sesión será, por unha banda, proceder á constitución da Corporación e, por outra, proceder á elección de alcalde para o que será necesario cumprir unha serie de trámites legais e regulamentarios

En primeiro lugar formarase a Mesa de idade que dirixirá a sesión. A Mesa estará integrada polos concelleiros electos de maior e menor idade dos asistentes ó acto. Actuará como Secretaria da Mesa a Secretaria Xeral do Pleno.

A continuación a Mesa cotexará as credenciais presentadas polos señores e señoras concelleiros electos coa acta de proclamación de electos remitida ó Concello pola Xunta Electoral de Zona.

De seguido os señores e señoras concelleiros electos, un a un e de xeito individual, en cumprimento do disposto no artigo 108 da Lei orgánica de réxime electoral xeral, xurarán ou prometerán os seus cargos de acordo coa fórmula legalmente establecida.

Constituída a Corporación determinarase o sistema de votación do Alcalde que poderá ser ben ordinario, ben nominal ou ben segredo. Así mesmo proclamaranse pola Mesa os candidatos ou as candidatas á Alcaldía e as distintas formacións políticas disporán, se así o estiman conveniente, dunha quenda de palabra para expoñer o seu programa político.

Escoitados os programas de goberno elixirase ó Alcalde da cidade polos concelleiros e concelleiras e o Alcalde electo xurará ou prometerá o seu cargo de acordo tamén coa fórmula legalmente establecida.

Pois ben, conforme a esta Orde do Día, procede, en primeiro lugar constituír a Mesa de Idade e para iso invito a incorporarse a esta mesa ó concelleiro electo, D. Abel Caballero Álvarez e á concelleira electa de menor idade, D^a Teresa Egerique Mosquera.

Ostentará a Presidencia da Mesa D. Abel Caballero Álvarez por seren o concelleiro electo da maior idade.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: Bos días. Declárase aberta a sesión para a constitución da Corporación do Concello de Vigo.

No expediente da sesión constan as credenciais dos concelleiros e concelleiras electos que se corresponden coa certificación remitida ó Concello pola Xunta Electoral de Zona. Así mesmo os concelleiros e as concelleiras acreditaron a súa personalidade ante a Secretaría do Pleno no momento da entrega da súa credencial.

SRA. SECRETARIA XERAL DO PLENO: Compróbase que o número de concelleiros e concelleiras electos asistentes á sesión é de vinte e sete, que coincide co número legal de membros da Corporación, existe polo tanto quórum suficiente para realizala.

Así mesmo infórmase que a totalidade dos señores e señoras concelleiros e

concelleiras electos presentaron na Secretaría Xeral do Pleno as súas declaracións de intereses para incorporalas ó Rexistro Público correspondente, dando cumprimento polo tanto á totalidade das obrigas legalmente esixibles para a súa toma de posesión.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: Constatado o cumprimento das obrigas legais, de seguido vaise proceder á formulación do xuramento ou promesa do cargo, para iso cada concelleiro e concelleira electo pronunciará a fórmula ante o exemplar da Constitución segundo vaian sendo nomeados pola Secretaria.

SRA. SECRETARIA XERAL DO PLENO: Por razóns formais serán os membros a Mesa de Idade os primeiros en cumprir este requisito e a continuación seguirase a orde alfabética.

Chamo en primeiro lugar a D. Abel Ramón Caballero Álvarez.

OS CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS ELECTOS PROCEDEN A XURAR OU PROMETER O SEU CARGO COMEZANDO POLOS COMPOÑENTES DA MESA DE IDADE.

D. ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e respectar, e facer respectar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

Neste intre prodúcese unha alteración da orde no salón por parte do público que asiste á sesión, pedindo silencio o presidente da Mesa de Idade.

D^a TERESA EGERIQUE MOSQUERA: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e respectar, e facer respectar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D^a MARÍA ISAURA ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e

respetar, e facer respetar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D. FRANCISCO XABIER ALONSO PÉREZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei, gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado e atender as necesidades da cidadanía de Vigo e ós intereses de Galicia.

D. JOSÉ LUÍS ÁLVAREZ PÉREZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e respetar e facer respetar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D. MARCOS ARAUJO PEREIRA: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e respetar e facer respetar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D. ANTONIO BERNÁRDEZ DE DIOS: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e respetar e facer respetar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D^a M^a JOSÉ BRAVO BOSCH: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e respetar e facer respetar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D^a MARÍA TERESA CENDÓN ALONSO: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar, e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

D^a RAQUEL DÍAZ VÁZQUEZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e respetar, e facer respetar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D. SANTIAGO XOSÉ DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Xuro pola miña conciencia e honra

cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e respectar e facer respectar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia e atender as necesidades da cidadanía de Vigo e ós intereses de Galicia.

Neste intre vólvense escoitar voces por parte dalgúns asistentes no salón, pedindo silencio a presidencia da Mesa de Idade e manifestando que na próxima interrupción ordenará o desaloxo das persoas implicadas.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e respectar e facer respectar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D. MIGUEL FIDALGO IGLESIAS: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

D. JOSÉ MANUEL FIGUEROA VILA: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e respectar e facer respectar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D^a MARTA IGLESIAS BUENO: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D^a MARÍA JESÚS LAGO REY: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e respectar e facer respectar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D^a MARÍA ELVIRA LARRIBA LEIRA: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

D. CARLOS LÓPEZ FONT: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e respectar e facer respectar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D. IGNACIO JAVIER LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

D^a MARÍA CORINA PORRO MARTÍNEZ: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e respectar e facer respectar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

Ó se ter producido unha nova interrupción por voces proferidas por algunhas persoas presentes no salón, a presidencia da Mesa de Idade ordena o seu desaloxo.

D. DAVID REGADES FERNÁNDEZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e respectar e facer respectar a Constitución.

D. ROBERTO FRANCISCO RELOVA QUINTEIRO: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e respectar e facer respectar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D. ÁNGEL RIVAS GONZÁLEZ: Xuro pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e respectar e facer respectar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D. CAYETANO RODRÍGUEZ ESCUDERO: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir firmemente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade a El Rei e respectar, e facer respectar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D^a MARÍA DEL CARMEN SILVA REGO: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e respectar e facer respectar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia.

D^a IOLANDA MARÍA VELOSO RÍOS: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira con lealdade a El Rei e respectar e facer respectar a Constitución e o Estatuto de Autonomía de Galicia e atender as necesidades da cidadanía de Vigo e os intereses de Galicia.

OS SRES. E SRAS. FIDALGO IGLESIAS, IGLESIAS BUENO E LÓPEZ-CHAVES CASTRO, PRESTARON O SEU XURAMENTO EN CASTELÁN. TRADÚCENSE Ó GALEGO NA PRESENTE ACTA AS INTERVENCIÓNS FEITAS EN CASTELÁN EN CUMPRIMENTO DA LEI DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA 5/1997, DO 22 DE XULLO, E ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, BOP 17.05.89.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: Tendo prometido ou xurado os seus cargos os señores e señoras concelleiros e concelleiras, declaro formalmente constituída a nova Corporación Municipal da Fiel, Leal e Valerosa Cidade de Vigo, de acordo cos resultados das eleccións municipais do 22 de maio.

A continuación elixirase ó Alcalde da cidade. A señora Secretaria xeral do Pleno explicará a fórmula pola que se vai facer.

SRA. SECRETARIA XERAL DO PLENO: Segundo o previsto no artigo 196 da Lei orgánica de réxime electoral xeral, o procedemento de elección de alcalde é o seguinte: Poden ser candidatos e candidatas á Alcaldía os concelleiros ou concelleiras que encabezaron as súas respectivas listas nas eleccións locais. Será designado Alcalde aquel candidato ou candidata que obteña a maioría absoluta

do número legal de membros da Corporación; en todo caso un mínimo de 14 votos.

No suposto de que ningún candidato ou candidata obtivese esa maioría será proclamado alcalde ou alcaldesa aquel ou aquela candidato ou candidata que encabezou a lista que obtivo o maior número de votos populares nas eleccións realizadas o pasado 22 de maio.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: O sistema normal de adopción de acordos nos concellos é a votación ordinaria que se manifesta levantando a man. Non obstante e se se quere elixir alcalde mediante os sistemas de votación nominal ou segreda, requirirase a solicitude deses sistemas por algún concelleiro ou concelleira. A solicitude debe ser aprobada por este Pleno en votación ordinaria e por maioría simple.

Solicita algún concelleiro ou concelleira votación nominal ou segreda para a elección de alcalde? Non efectuándose ningunha petición de votación nominal ou segreda de sistema de votación para a elección de alcalde será o ordinario a man alzada.

SRA. CONCELLEIRA VOCAL DA MESA DE IDADE: Agora procede a presentación de candidatos e candidatas á elección do alcalde.

Como se dixo, poden ser candidatos e candidatas aqueles concelleiros e concelleiras que encabezaron as súas respectivas listas electorais nas eleccións locais que son os seguintes: D^a Corina Porro Martínez do Partido Popular, D. Abel Caballero Álvarez do Partido Socialista de Galicia, PSdeG-PSOE e D. Santiago Domínguez Olveira do Bloque Nacionalista Galego.

Dos concelleiros e da concelleira citados levanten a man os que desexen optar á elección.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: Optan á elección de alcalde ou alcaldesa da cidade de Vigo a concelleira D^a Corina Porro Martínez e o concelleiro D. Abel Caballero Álvarez.

Agora, as formacións políticas que concorreron ás eleccións locais, dispoñen, se

así o queren, dunha quenda de intervención para expoñer o que desexen respecto ó seu programa de goberno.

Ten a palabra D. Santiago Domínguez Olveira.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Moitas gracias. Bos días a todos e por suposto a todas e parabéns, a todos os meus compañeiros e compañeiras desta Corporación que acabades de xurar ou prometer os vosos cargos ó igual que o fixemos nós.

O Bloque Nacionalista Galego, como xa ten anunciado, votará a investidura do candidato do Partido Socialista, Abel Caballero, coma alcalde de Vigo, pero non formará parte do goberno municipal. Foi esta unha decisión adoptada froito da reflexión colectiva da militancia do Bloque Nacionalista Galego tras escoitar a expresión da cidadanía nas urnas. Os resultados evidenciaron claramente que a cidadanía non premiou o labor desenvolvido polo BNG. Durante catro anos formamos parte do goberno municipal e os vigueses e as viguesas cos seus votos decidiron que agora o noso papel dentro da Corporación debe ser outro.

Nós recollemos esa mensaxe e entendemos que nesta nova etapa que hoxe se inicia debe ser a forza que medrou en apoio social a que asuma a responsabilidade de gobernar Vigo en solitario.

No Bloque Nacionalista Galego non nos aferramos ós cargos e sabemos, porque xa o demostramos noutras ocasións, que dende a oposición é tamén posible traballar por mellorar a nosa cidade e a calidade de vida dos seus veciños e veciñas. Dende a oposición, que a ninguén lle caiba a menor dúbida, o BNG traballará por esta cidade con lealdade a Vigo e en beneficio dos vigueses e as viguesas. Faremos sempre unha oposición de diálogo constante, construtiva e colaboradora porque o noso único obxectivo será a partir de agora, como foi sempre, contribuír a que esta cidade avance e enfrente a difícil situación que estamos a atravesar.

Pero estes tres votos que hoxe vai recibir D. Abel Caballero non son un cheque en branco. Non obstaculizaremos a gobernabilidade da cidade, pero tampouco permitiremos que a acción de goberno non atenda decididamente ás prioridades que realmente hoxe ten a cidadanía. Seremos belixerantes con calquera medida que vaia en contra dos intereses dos traballadores e traballadoras, das persoas

menos favorecidas, e seremos belixerantes tamén con calquera medida de goberno que antepoña os intereses partidistas ou persoais por riba da xente. Porque o que hoxe precisan os vigueses e viguesas é que dende o Concello se aposte claramente por unha política real de loita contra a crise, que se articulen todos os mecanismos a dispor da administración local para xerar emprego, que se reforcen as políticas sociais para atender a quen máis o necesita e que se siga transformando esta cidade para mellorar a calidade de vida dos cidadáns e das cidadás. Se así o fai o goberno do Partido Socialista, atopará sempre colaboración nestes dous concelleiros e na concelleira do Bloque Nacionalista Galego. Porque o BNG ocupará agora a oposición, pero o fará co mesmo sentido de contribución á cidade co que gobernamos nestes últimos catro anos.

Os nacionalistas e as nacionalistas formamos parte do anterior goberno con lealdade e responsabilidade e fomos os artífices de que Vigo tivera un goberno estable. Agora a estabilidade xa non vai depender dos dous concelleiros e da concelleira do BNG, senón que esa estabilidade dependerá de que o goberno entenda que vai gobernar con minoría e que ten que chegar a diálogos e acordos constantes.

Fixemos a nosa achega ó goberno primando sempre por riba de todo o interese xeral da cidade e ese continuará sendo o noso camiño na oposición.

Agardamos tamén que o Partido Popular entendera a mensaxe que recibiu nas urnas da cidadanía e decida actuar dende a oposición con lealdade a Vigo. Se non mudan a actitude que tiveron estes últimos catro anos, tamén nos atoparán enfronte porque nin antes no goberno, nin agora na oposición imos permitir dende o BNG as políticas de privatización, as políticas de destrución de emprego e os recortes sociais que está facendo o Partido Popular na Xunta de Galicia. Os concelleiros e concelleiras do Partido Popular deben deixar de ser cómplices desas políticas e reivindicar xunto connosco dende a oposición tamén un cambio de rumbo ó goberno galego.

Esta cidade non pode seguir padecendo esas medidas antisociais do Partido Popular, por iso neste Pleno se vai demostrar tamén a coherencia do Bloque Nacionalista Galego.

Durante a campaña electoral dixemos claramente que nós non iamos permitir

que a dereita gobernara nesta cidade porque iso, e témolo claro, significaría que Vigo sufriría aínda máis as consecuencias das políticas que hoxe aplica o goberno da Xunta. E hoxe van ser tres votos do Bloque Nacionalista Galego e non ningún outro voto os que eviten que o Partido Popular estenda ata a Vigo as súas políticas.

Non haberá nesta cidade un goberno de dereitas porque os nacionalistas e as nacionalistas así nos comprometemos con esta cidade e ímolo impedir.

O BNG ten demostrado que sempre cumpre os seus compromisos. Evitar que a dereita governe en Vigo é o primeiro obxectivo que cumprimos neste novo mandato e agora, dende a oposición, imos dende hoxe mesmo empezar a cumprir o noso segundo obxectivo que é traballar arreo por esta cidade na defensa dos vigueses e das viguesas que é o único xeito no que o BNG sabe estar nas institucións.

Non quero rematar sen agradecer moi sinceramente e publicamente o traballo desenvolvido por María Méndez, Xesús López Carreira e Eudasio Álvarez, compañeiros nosos nestes últimos catro anos no goberno.

Agora Vigo terá nestes catro anos, que ninguén o dubide, a unha concelleira e dous concelleiros nacionalista ao servizo única e exclusivamente dos intereses de Vigo e de Galicia.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: Ten a palabra D^a M^a Carmen Silva Rego polo Partido Socialista PSdeG-PSOE.

SRA. SILVA REGO: En primeiro lugar darlle a miña noraboa a todos os concelleiros e concelleiras que, ó igual que eu mesma, tomaron posesión do seu cargo como concelleiro ou concelleira dunha grande cidade de Vigo.

Señoras e señores, correspóndeme o privilexio de falar no nome do Grupo Socialista e a satisfacción de propoñer a candidatura de Abel Caballero. Dúas tarefas que asumo co recoñecemento ós meus compañeiros e compañeiras de Grupo e coa gratitude que debo, que debemos todos, á cidade de Vigo que nos honrou co seu recoñecemento e apoio porque a candidatura encabezada por Abel Caballero tivo unha suba de 6.000 votos, cinco puntos e dous concelleiros,

ningún candidato de España tivo unha suba de tal calibre. Foi unha suba xeneralizada en toda a cidade, en todos os colexios electorais.

Pola contra na lista do Partido Popular perdíanse 5.000 votos, dous puntos, e mostrábase como o revés dunha tendencia excepcional de suba electoral do Partido Popular que nalgúns cidades supuxo un crecemento de case vinte e cinco puntos, falamos dun recorte de oito puntos en só catro anos. E non é isto o máis relevante, que o é, senón o feito de que a dereita lograse un crecemento electoral medio de trece puntos a nivel estatal, o que significa que en Vigo o recorte en termos relativos ascende a vinte e un puntos.

Vigo dixo con claridade quen quere que o governe e tamén dixo con claridade que non quere que o governe a dereita porque a lexitimidade da nosa proposta para a Alcaldía fundaméntase na extraordinaria xestión realizada que compartimos co Bloque Nacionalista Galego, que se liderou ante a maioría da sociedade viguesa e que se transformou o pasado 22 de maio en votos electorais á nosa candidatura.

Ofrecemos durante catro anos a nosa xestión como principal argumento político fronte á dialéctica baleira, fronte á defensa de intereses particulares que algúns abandeiraban, fronte ós que dixeron non a Vigo unha e outra vez nós buscamos a mirada positiva e fixamos a nosa atención nos vigueses e nas viguesas, non quixemos ser reféns de ninguén. Os que o foron, a dereita viguesa, parece agora ter obtido a grande derrota nacional dos seus; esa é a realidade, a lectura dos datos exprésase con claridade. Os cidadáns e as cidadás falan, dixeron si ás cousas ben feitas por un goberno de coalición, as que falan por se mesmas, e din en voz alta e clara o que fixemos en catro anos apaixonantes.

Os feitos falan, os feitos que serviron para acelerar unha transformación democrática e igualitaria da cidade que non ten precedentes na historia recente de Vigo. Durante catro anos un goberno de progreso compartido co Bloque Nacionalista Galego ofreceu á cidade o ideal e o soño de liderar por si mesma o seu futuro e o seu destino, facendo sentir a oportunidade de deseñalo e construílo sobre principios e valores de honestidade, pluralidade, convivencia, tolerancia e legalidade que son as bases sobre as que se asentán os grandes proxectos.

Consultouse a Vigo e Vigo dixo si, aí reside máis aló dunha legalidade incuestionable a lexitimidade coa que se forxa un novo mandato que será, sen ningunha dúbida, pleno de iniciativas e ambiciosas ideas para cohesionar aínda máis a nosa cidade. facéndoa máis grande polas catro costas, máis xusta e máis igual, é dicir, máis moderna e capaz de asumir o seu papel no futuro. Señoras e señores, non quero contribuír á cerimonia da confusión, do pateo, á non asunción do que pasou. Aí instálanse os que non saben e non quere recoñecer a voz do pobo expresada con claridade nas urnas.

Dicíalles que Vigo mirou os feitos; así é. Mirou ó logrado durante catro anos de intenso traballo, de consecución de demandas históricas que mandato tras mandato se quedaban en sinxelas reivindicacións, en papel mollado e que ó fin se converteron en realidade moitas delas. Vigo mirou a catro anos de transformación de todas as parroquias, barrios e rúas da cidade. Vigo recoñeceu un alcalde que non tivo nin un segundo de dúbidas de cales eran as súas prioridades, a súa única prioridade: a defensa da cidade fronte a quen pretendía atacala inxustamente. Vigo apoiou ós que se puxeron ó fronte cando xurdiron dificultades económicas poñéndose ó carón dos traballadores, das familias, das empresas, das grandes e das pequenas. Vigo mirou para eses feitos e dixo si e agora o futuro esíxenos afondar nas estratexias do camiño. Parar agora non sería deterse, sería retroceder e a cidade non quere retroceder, quere avanzar, desenvolver políticas nas que abordar necesidades, demandas e problemas, desexos e sonos das viguesas e dos vigueses.

Nós queremoslles dicir aquí hoxe ós cidadáns de Vigo que estamos decididos a seguir dando o mellor de nós mesmos para seguir dándolle á cidade unha transformación de norte a sur, de leste ó oeste no social, no económico, no humano, no dotacional. Unha transformación integral que manteña abertas as portas do futuro baixo o paraugas da xestión realizada da defensa da cidade.

Dígolles a vostedes, ós vigueses e as viguesas, que Abel Caballero será, como xa o foi, o alcalde de todas e de todos, que responderá con entrega e dedicación ás vosas demandas e ás vosas inquietudes. Permítanme que lles diga que Abel Caballero representa unha forma de facer política, pois é na cidade e na xestión que nela se realizou onde se recoñecen as vontades verdadeiras dos seus

rexedores e a vontade de Abel Caballero foi e será a de resolver inxustizas atávicas facendo políticas sociais, políticas locais en parroquias e rúas, gobernando a cidade coa pegada de quen camiña polas súas beirarrúas, coñece ós seus veciños, entende os problemas e comparte as alegrías e necesidades dun pobo para o que traballa con tanto esforzo como orgullo.

Hoxe o orgullo é noso, do seu grupo de concelleiros e concelleiras, dos vigueses e viguesas que co seu voto creron na forza e na verdade dos feitos que falan por si mesmo. Que creron na cidade que di si ó goberno do seu destino e que deu co seu voto de confianza, co rexeitamento de retorno ó pasado e ás políticas distantes e de submisión, o primeiro paso para esta investidura que é o inicio doutra etapa de progreso, de cambio na historia da cidade

Traemos a proposta de investir alcalde da cidade de Vigo a Abel Caballero porque a súa é a alternativa que crece na cidade, porque é a que conta coa aceptación da súa xestión recoñecible no crecemento de votos e porque a lexitimidade da súa investidura proxéctase na sociedade viguesa como parte dunha esperanza compartida nun futuro mellor para todas e para todos,.Futuro que iniciou a súa andaina no ano 2007 compartindo o goberno co Bloque Nacionalista Galego ó que lle recoñecemos o seu bo traballo e a decisión de permitir que agora se conforme de novo un goberno de progreso. Temos a man tendida para os que comparten principios e valores básicos, para dialogar e traballar xuntos, para compartir no traballo e mostrar o rostro dun proxecto que pon por diante os intereses do pobo antes que os asuntos propios. Aí queda esta man tendida, man aberta ós que teñen anunciado que non van favorecer un goberno de dereitas e cos que faremos todos os esforzos que sexan necesarios para que Vigo sega camiñando cara adiante.

Remato, señoras e señores, apuntalando as nosas ideas coa voz galega do poeta Celso Emilio Ferreiro: “Eu non podo distanciar as miñas palabras de todos os que sofren neste mundo e ti vives no mundo, terra miña”. E engado eu: cidade miña.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: Ten a palabra D^a Corina Porro Martínez polo Partido Popular.

SRA. PORRO MARTÍNEZ: Mesa de Idade, señoras e señores concelleiros, a miña noraboa a todos, cidadáns que hoxe nos acompañan neste acto de constitución da nova Corporación municipal, representantes dos medios de comunicación, bos días a todos e todas.

Como é ben sabido, en Vigo o Partido Popular gañou as eleccións municipais. Fomos o partido máis votado, a maioría dos vigueses elixíronos para a tarefa de goberno. Polo tanto resulta evidente que se somos o partido máis votado, co maior número de concelleiros electos, optemos con toda lexitimidade ó goberno da cidade.

O Partido Popular elaborou un proxecto de goberno que recolle un modelo para Vigo. O devandito modelo é claro, preciso e contén as propostas necesarias para o levar a cabo.

O noso proxecto é viable social e máis economicamente e responde claramente ás necesidades dos vigueses. Porque cremos na nosa capacidade de goberno, temos fixados compromisos. Este modelo non é froito de reunións endogámicas, tampouco é un modelo que rache co pasado pero sen dúbida establece os eixos que conforman o Vigo que hoxe necesitamos.

Por todo iso e ata o último segundo, antes de producirse este acto de responsabilidade que estamos a punto de iniciar, reclamo a lexítima aspiración de que o proxecto Popular para a cidade poida desenvolverse durante os próximos catro anos de xestión municipal.

Non é un mero trámite que debo cumprir como cabeza de lista da forza máis votada nesta cidade. É a profunda convicción democrática de que a vontade de case 43 de cada 100 votantes vigueses, non debe quedar anulada polos apoios dun BNG que xa se rendeu ao goberno bipartito, que perdía 6.000 votos e volverá facelo.

Hai agora catro anos asistíamos moitos dos aquí presentes a una sesión de investidura de similares características, nas que dúas forzas de idearios distintos e distantes uníanse para arrebatarlle ao Partido Popular a súa hexemonía representativa. Pero había unha diferenza respecto a esta sesión que hoxe imos protagonizar vinteseite representantes dos vigueses: aquel era un pacto para gobernar esta cidade durante catro anos. Esta de hoxe só é unha alianza puntual

cuxo obxectivo é impedir o acceso da forza política máis votada ao goberno da cidade.

A nosa actitude hoxe sería moi diferente se fosa ser elixido un rexedor arroupado por unha maioría sólida. É obvio que a miña satisfacción sería máxima se esa maioría estivera formada polo Partido Popular, pero aínda que non fose así, a miña preocupación como viguesa sería menor. Sen embargo, non é iso o que previsiblemente vai saír desta sesión. Non hai maioría sólida, non hai acordo estable, pero sobre todo non é o sentir maioritario dos vigueses. Vigo pasará dun bipartito mal estruturado a un monopartito feble, cunha oposición maioritaria. Realmente pensan que era ese o sentir dos vigueses e viguesas que acudiron ás urnas o pasado día 22?

Eu asegúrolles que non. Preocúpame o que poidan pensar mañá eses veciños nosos cando se dean conta de que Vigo se converte na cidade mais inestable politicamente de Galicia e de España. Fronte a un goberno que representará a 35 de cada cen cidadáns e unha oposición que, dende ópticas diferentes, ostenta a representatividade de 54 de cada cen habitantes. É lexítimo? Sen dúbida ningunha. É democrático? Si. É bo para garantir a andadura de Vigo nestes tempos difíciles? De ningunha maneira.

Non quixera para min a enorme responsabilidade que asumen os que propician esta situación. Non sei de que maneira se lle pode explicar a un elector socialista que se vai gobernar sen os apoios precisos. Ignoro como poderá entender o elector nacionalista que o seu voto non serve para gobernar, senón só para evitar que outros gobernen.

Asegúrolles que o Partido Popular non se vai limitar a colocar nas súas vitrinas ese preto do corenta e tres por cento de voto que recolleu na nosa cidade. Non é un trofeo senón un compromiso ao servizo de Vigo e dos vigueses, e de todos sen distinción para gobernar ou facer unha oposición responsable, levando a cabo un sistema financeiro vigués e galego forte, impulsando a constitución da Área Metropolitana, a construción do Hospital público ou a depuradora e moitas outras. O Partido Popular aposta por unha cidade máis amable e dialógante, na que os emprendedores teñan oportunidades en momentos económicos difíciles, apostando pola internacionalización das empresas, con ese Porto cada vez máis

competitivo e a coordinación entre as administracións. Pero por riba de todo unha cidade con oportunidades para os máis febles.

Agora toca decidir. Estamos preparados para exercer o goberno pero afrontamos con ilusión e sentido de responsabilidade a apaixonante tarefa de exercer a oposición. Unha oposición leal, firme para controlar ao goberno se se desvía dos intereses dos cidadáns, pero tolerante, construtiva e negociadora para todo aquilo que a noso bo entender defenda a Vigo e aos seus cidadáns. Unha oposición disposta a arrimar o ombreiro nestes tempos difíciles para todos, pero implacable para evitar malgastos inútiles e fantasías irrealizables.

Quero que as miñas últimas palabras nesta intervención sexan coherentes coa nosa principal proposta de campaña. Sexa dende o goberno ou dende a oposición, a obsesión do Partido Popular de Vigo é e será aportar propostas dirixidas ás oportunidades para as persoas, para emprendedores e tamén para a xeración de emprego. Non concibimos a liberdade en plenitude mentres exista un só fogar vigués no que se estea a sufrir as consecuencias do paro.

Non imos renunciar á nosa idea de Vigo, de Galicia e de España. Nin España, nin Galicia, nin Vigo se van recuperar con exclusións ou maniqueísmos, senón con gobernos que respondan á vontade da xente e que saiban construír futuro. Nesa tarefa os vigueses nos tiveron, nos teñen e nos terán sempre ao seu lado.

SR. PRESIDENTE DA MESA DE IDADE: Moitas gracias. Rematadas as intervencións lémbrolles de novo que o sistema de elección do alcalde ou alcaldesa vai ser o ordinario a man alzada. Comezamos a votación.

Votos a favor da Sra. Concelleira, D^a Corina Porro Martínez

Votos a favor do Sr. Concelleiro, D. Abel Caballero Álvarez

O recuento dos votos emitidos produce o seguinte resultado: Votos a favor de D^a Corina Porro Martínez: Trece. Votos a favor de D. Abel Ramón Caballero Álvarez: catorce.

SRA. CONCELLEIRA VOCAL DA MESA DE IDADE: **Queda proclamado alcalde de Vigo D. Abel Ramón Caballero Álvarez do grupo político do PSdeG-PSOE por obteren a maioría absoluta dos votos.**

Prégolle ó alcalde electo que, de conformidade co sinalado no artigo 118 do RDL 781/1986, do 16 de abril, proceda a prometer ou xurar o cargo para o que foi elixido.

SR. CABALLERO ÁLVAREZ: Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde con lealdade a El Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia.

A SECRETARIA XERAL DO PLENO: De seguido, polo alcalde, D. Abel Caballero Álvarez, en presenza do Sr. Interventor xeral do Concello, procédese á sinatura das actas de arqueo do Concello e dos organismos autónomos Universidade Popular, Instituto municipal dos Deportes, Vigo-Zoo, Xerencia Municipal de Urbanismo e Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

INTERVENCIÓN DO ALCALDE ELECTO: Concelleiras e Concelleiros. Miñas donas e meus señores.

Sexan as miñas primeiras palabras de agradecemento, dun inmenso agradecemento ás ducias de milleiros de viguesas e vigueses que nos apoiaron nesta travesía. Agradecemento pola súa decisión que me permite por segunda vez consecutiva ser elixido alcalde da miña cidade, alcalde de Vigo, porque nada tan extraordinario, gratificante e emocionante puido suceder na miña vida política que ser revalidado como alcalde de Vigo.

Asemade o meu recoñecemento político a todos os concelleiros e concelleiras que co seu voto efectuaron a miña elección; ós dez concelleiros/as do partido socialista que conformarán o goberno e ós dous concelleiros e a concelleira do BNG co-responsables do goberno no anterior mandato.

En Vigo haberá estabilidade na acción de goberno. En Vigo haberá a partir de hoxe un goberno comprometido coa cidade, con vontade firme, moi firme, de consolidar o progreso e de continuar, e mesmo acelerar, o avance. Nun momento de especial transcendencia para Vigo queremos mostrar a máxima firmeza e vocación para gobernar. As leis proporcionan instrumentos que imos utilizar en

beneficio de Vigo, das viguesas e dos vigueses. Pero gobernaremos co máximo respecto as decisións dos municipais, porque o goberno da cidade débese asentar no diálogo e no acordo, diálogo perenne acompañado dunha ilimitada disposición ao consenso.

Nas últimas eleccións todos recibimos un mandato dos cidadáns: dialogar, acordar e gobernar. E esa é a nosa intención. Para o goberno o BNG será o grupo político de referencia para o diálogo e para o acordo, porque có BNG fixemos a primeira travesía que tan beneficiosa resultou para a cidade. Por iso e respectando a súa decisión de non integrarse no goberno, manifestamos desde este momento a nosa vontade de acordos e de toma de decisións compartida. Así interpretamos o seu voto. E todo sen que a cidade vexa detida nin tan sequera retardada nin un momento a súa marcha e as súas pretensións de melloras en tantos eidos. Catro anos de actuacións aválannos, o apoio democrático precédenos e as demandas lexítimas e certas dos vigueses márcannos o camiño. E tamén queremos mostrar a nosa disposición a acordos nos que esteamos todos, tamén o Partido Popular, naqueles temas de cidade onde debe primar a unión, tan necesaria e conveniente. Seguro que con discrepancias en tantos temas, pero seguro tamén de que un número singular de decisións deberían, e por nos non vai quedar, ser acordadas por todos os concelleiros e concelleiras que compoñen o Pleno.

A cidade remitiu tamén unha moi clara mensaxe ao Goberno de Galicia, unha mensaxe do carácter vigués que reclama un golpe de timón na Xunta. Confiamos que a mensaxe fora lida polo destinatario. Se así foi e se acepta, se se rectifican as políticas con Vigo e se atende a esta cidade, a Administración Autónoma terá no alcalde de Vigo un aliado, un grande aliado. Na confianza de que así sexa, a nosa man tendida para o diálogo e para a marcha nunha nova senda. Se se atende a Vigo terá todo o noso recoñecemento.

Pero nós tamén entendemos a mensaxe que chegou impregnada dunha claridade de luz de alba. Por iso queremos volver remarcar que para nós Vigo é o primeiro por riba das lexítimas posicións partidarias e por riba das orientacións ideolóxicas. Para nós Vigo foi, é e será o primeiro. Concorremos ás eleccións baixo o lema “Vigo, si”. E durante todo o mandato seguiremos poñendo primeiro

a cidade porque para iso e por iso apoiáronnos e elixíronnos.

E formulamos a nosa política dende a convicción de que a vella Galicia propia dos anos trinta do pasado século, que se foi deseñando dende a Administración Autonómica centrada noutras cidades, está superada pola realidade dinámica e imparabile. A modernidade do século XXI é a globalización, a economía, o crecemento e a solidariedade, e iso é Vigo.

Por iso un Vigo forte e dinámico que lidere e ocupe a seu espazo nunha nova Galicia mais diversa, é a mellor contribución que todos podemos facer. Só os imbéciles e escuros que non nos entenden, non, chaman a isto localismo. Este novo Vigo que reclama unha nova Galicia na que cada un ocupe o seu espazo e desenvolva as súas potencialidades, constitúe o verdadeiro interese xeral de país.

Vigo debe ser considerada con todas as súas capacidades e con todas as súas necesidades. “A conciencia desta diferenza é esencial para a cidade; é precisamente a cidade, o seu vigor, as súas posibilidades futuras”, había de escribir Álvaro Cunqueiro.

Este é o Vigo ao que queremos apuntar. Ao Vigo fermoso, con rúas humanizadas, con parques, zonas verdes, parques infantís e de maiores; unha nova cidade sostible. Que apoia a economía e a calidade de vida. Que alcance a todas partes, ao centro, ao casco urbano, ás zonas máis afastadas, aos barrios e ás parroquias. E a este obxectivo de igualdade dedicaremos un grande esforzo porque aínda quedan rúas, barrios e parroquias onde teñen que chegar tantas e tantas humanizacións. Ducas de rúas deben ser humanizadas neste próximo mandato como unha gran prioridade.

E queremos que Vigo creza, que cree emprego, que siga a súa marcha de saída da crise. Por iso son estes os tempos da economía. Na que hai que estar cun principio orientador. Remataron aquelas alcaldías tradicionais de anos atrás. Agora hai que baterse tamén nas batallas da economía, da competitividade e da innovación. Hai que poñerse ao lado da automoción, con axudas propias e busca de apoios ante outras administracións. No coche eléctrico e no automóbil convencional. Ao lado do naval, para que sigan os avales e os apoios que o viabilicen. Ao lado da pesca, motor de actividade, do porto nas súas actividades

produtivas de contedores e do automóbil. Ao lado de Zona Franca, ao lado da actividade financeira da cidade que foi danada arteira e certamente polos que non entenderon esta nova Galicia. Ao lado do comercio, da hostalería, do turismo...

E na súa consecución, como alcalde pero sobre todo como un vigués mais, quérome dirixir ao home ou á muller que está en paro, que vive en primeira persoa o drama do desemprego; ás familias nas que aniña a pantasma da perda do emprego e onde as contas chegan con dificultade a fin de mes, quero dirixirme ao mozo que estuda coa preocupación do seu futuro, quero dirixirme aos pais dos nenos que están nas escolas infantís e de primaria con dificultades económicas. Quero dirixirme aos traballadores do comercio, da pequena empresa, aos autónomos, aos emprendedores con ideas e ilusións pero co pesar da adversa situación de crise. Quero dirixirme aos vigueses e viguesas da industria, da pesca, do automóbil, do naval, que fan florecer esta cidade co seu esforzo; aos que nos enriquecen culturalmente e aos creadores e artistas. Quero dirixirme as mulleres mozas, ás familias con membros dependentes, ás mulleres e os homes maiores.

Quero, en fin, dirixirme a todos os vigueses e viguesas para dicirvos que o emprego e a saída da crise son a nosa principal prioridade. E quero dirixirme a todos e a todas para marchar xuntos no desenvolvemento dun plan de acción para combater o desemprego e para dinamizar a economía, as políticas públicas de Educación, Sanidade e as políticas sociais, un gran bastión do Estado do Benestar que en Vigo seguirán sendo unha prioridade do goberno municipal, a mellora dos colexios públicos, as bolsas de inglés (este ano 540 bolsas en Vigo mentres en Galicia reducíronse a cero) e a vivenda protexida, en propiedade e en aluguer, e os sinais de identidade cultural na cidade dos anos últimos de Laxeiro, na realidade de Quesada, de escritores sobresaíntes, da música dos grandes creadores, da música popular; e o deporte, das emocións destes días e do deporte de base que debe seguir facendo os mellores cidadáns.

E partimos neste mandato tras situar a Vigo como o gran concello de réxime común con menos débeda por habitante, xa non só de Galicia, senón de España. Quero seguir proclamando o noso compromiso coa austeridade. Se os cidadáns

están en tempos de sacrificios, a administración viguesa estarao aínda mais. Fomos austeros durante o mandato anterior e extremaremos aínda mais a austeridade neste mandato. Seremos austeros nos nosos actos porque tamén o somos na nosa forma de vivir e na nosa idea sobre o interese común.

E seguiremos no avance dos grandes proxectos que deberán ser concluídos neste mandato: o Aeroporto, a estación do Ave, a chegada do Ave, o Ave directo Vigo-Madrid por Cerdedo sen a ignominia de percorrer por Santiago. A ampliación da Ponte de Rande. A depuradora, a Biblioteca do Estado na Panificadora. A Cidade da Xustiza. A nova gran comisaria.

Estes son os retos e para o seu logro camiñaremos coas mulleres e ós homes de Vigo, cos empresarios e os traballadores, cos mozos e cos maiores, cos comerciantes e hostaleiros e cos consumidores, cos estudantes e cos profesionais, cos parados ... A elas e a eles dirixímonos agora e seguiremolo facendo nestes próximos catro anos porque para eles é a nosa mensaxe e o noso traballo, porque “o pobo e quen mais ordena”, que cantaba Çeca Alfonso. E seguiremos camiñando con eles no deporte, na cultura, nas asociacións cívicas, nas corais, nas bandas de música, nas asociacións de comerciantes, nos sindicatos..., para dialogar, para facer Vigo xuntos e se é preciso e se algo se atranca para seguir pedindo o seu apoio.

Por iso dende a convicción reclamamos a todos e a todas máis cidade e menos partidismo, máis Vigo e menos interese particular, máis atención ás viguesas e vigueses e menos decisións erráticas condicionadas por partidos e gobernos. Reclamamos a todos que poñan primeiro a Vigo e entón si que nos entenderemos.

E eu preséntome con humildade e como un vigués mais, como un home austero cun empeño: Contribuír co meu esforzo a sacar esta cidade adiante e facer avanzar Vigo cara o progreso. Preséntome, se mo permiten, como o alcalde de todas e de todos.

É certo. “A mirada percorre as rúas como páxinas escritas: a cidade di todo o que debes pensar, faite repetir o seu discurso...” E certo, Ítalo Calvino, reflicte os nosos sentimentos na procura dun novo Vigo.

¡Viva Vigo!. ¡Viva Galicia!. Moitas gracias.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e quince minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

M^a Concepción Campos Acuña